



FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN

**CONVOCATORIA DE TRES BOLSAS DE COLABORACIÓN NA EXPOSICIÓN  
NACIONAL DA CONSTRUCCIÓN NAVAL DE FERROL  
2021**

A Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade fai pública a convocatoria de 3 bolsas de colaboración na Exposición Nacional da Construcción Naval de Ferrol para estudantes da Facultade de Humanidades e Documentación da Universidade da Coruña.

A tramitación destas bolsas será levada a cabo pola Facultade de Humanidades e Documentación.

**1.º Obxecto da bolsa**

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación de 3 bolsas que permitan a formación teórica e práctica mediante a realización de actividades de apoio relacionadas coa dita exposición.

As tarefas que hai que realizar son as seguintes: establecer un sistema de rexistro, catalogación, ordenación e almacenamento do fondo e tarefas de catalogación e organización da exposición, así como calquera outro de investigación, análise, recompilación ou desenvolvemento de materias incluídas na temática da exposición. As axudas distribuiranse atendendo á oferta educativa do centro.

O custo total das bolsas ascende a 5.371,38 euros, que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 7100.300C.480.00– Bolsas estudantes da Facultade de Humanidades e Documentación (incluído o importe de 871,38 € correspondente ás obrigacións en materia de Seguridade Social da Universidade como entidade financiadora do programa formativo, de acordo co previsto no artigo 5 do Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación).

**2.º Requisitos das persoas solicitantes**

A Universidade da Coruña convoca 3 bolsas de colaboración destinadas a aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar matriculada e a corrente do pagamento, durante o ano académico en que se solicite a bolsa, no ensino conducente á obtención dun título oficial da Universidade da Coruña, no curso académico 2020/2021 e

Código Seguro De Verificación	w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María José Lombardía Cortiña	Asinado	03/03/2021 12:54:56
Observacións		Páxina	1/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==">https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==</a>		





continuar estudos no curso académico 2021/2022, así como durante toda a duración da bolsa.

- Non estar en posesión nin reunir os requisitos legais para a expedición dun título universitario na data da finalización do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente, agás se a dita titulación é o requisito académico para continuar os estudos na Universidade da Coruña
- Reunir os requisitos, académicos establecidos nesta convocatoria.
- Non poderá solicitar unha bolsa de colaboración a persoa que gozase con anterioridade doutra bolsa de colaboración da Universidade da Coruña.
- Os bolseiros de colaboración deberán manter a condición de estudantes das titulacións Grao en Humanidades, Grao en Información e Documentación , Grao en Xestión Dixital de Información e documentación ou Máster Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas
- A perda da condición de estudante dalgunha das titulacións oficiais que se imparten na Facultade de Humanidades e Documentación, suporá o cesamento automático da bolsa e a perda dos dereitos que esta leva consigo.
- Non incorrer en ningunha incompatibilidade das especificadas no Regulamento de Bolsas de Colaboración para Formación na Universidade da Coruña de 31/05/2016.

### 3.º Formalización das solicitudes

As solicitudes presentaranse por duplicado e acompañadas inescusablemente da seguinte documentación:

1. Formulario normalizado (ANEXO I)
2. Fotocopia do DNI
3. *Currículo vitae* da persoa solicitante coa documentación que o acredite.
4. Declaración xurada de non contar con ningunha axuda económica incompatible nin realizar ningunha actividade retribuída. (ANEXO II). No caso de realizarse unha actividade retribuída, certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.

Código Seguro De Verificación	w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María José Lombardía Cortiña	Asinado	03/03/2021 12:54:56
Observacións		Páxina	2/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==">https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==</a>		





#### 4º. Contía e período

O importe bruto da axuda será de 1.500 € euros que se aboarán en pagamentos mensuais de 250 euros, ao que se lle aplicarán as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto. Así mesmo, ao antedito importe descontaráselle a cotización do bolseiro á Seguridade Social, segundo o disposto no Real Decreto 1493/2011 de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación. O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A duración da bolsa será de seis meses, podendo establecerse un período máis curto pola situación do covid 19, desde o día 1 do mes de abril ata o día 30 do mes de xuño (3 meses) e dende o 1 de outubro ao 31 de decembro (3 meses), cunha dedicación de 8 horas semanais.

Os pagamentos faranse con cargo á partida orzamentaria 7100.300C.480.00 denominada “Bolsas estudantes da Facultade de Humanidades e Documentación”. A aceptación da bolsa farase mediante documento asinado pola persoa interesada en que se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria.

#### 5º. Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (“Regulamento Xeral de Protección de Datos” ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

A solicitude dunha bolsa ao abeiro do Regulamento de bolsas de colaboración para formación complementaria na Universidade da Coruña, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de

Código Seguro De Verificación	w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María José Lombardía Cortiña	Asinado	03/03/2021 12:54:56
Observacións		Páxina	3/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==">https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==</a>		





supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais.

A persoa interesada consinte no tratamento dos datos aos efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal), coa referencia "protección de datos", a través dun escrito firmado ao efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Asemade, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## 6.º Comisión de selección

A Comisión de Selección será a Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno, asistida por unha comisión que se constituirá na Facultade de Humanidades, a cal elaborará un informe sobre a valoración dos méritos dos candidatos. A dita Comisión estará constituída por:

Presidente: Manuela del Pilar Santos Pita, decana ou persoa que o substitúa  
Secretario: María Pilar Comesaña Pérez, secretaria da Facultade  
Vogal 1: Miguel Rodríguez Luaces, vicedecano da Facultade  
Vogal 2: Antonio García Allut., TIT -UN  
PAS: María Juana Cacharrón Bao  
Alumnado: Alexia Novo Martínez

## 7.º Criterios de avaliación

- 1) Expediente académico: 7,2 puntos (72% da puntuación total)
- 2) Outros méritos: 2,5 puntos (25% da puntuación total)
  - Formación e experiencia nas materias obxecto desta convocatoria: 2,0 puntos (20% da puntuación total)
  - Coñecementos informáticos: 0,5 puntos (5% da puntuación total)
- 3) Coñecemento acreditado do galego: 0,3 puntos (3% da puntuación total)

Só se valorarán os méritos que se acrediten documentalmente referidos á data de finalización de presentación das solicitudes.

Código Seguro De Verificación	w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María José Lombardía Cortiña	Asinado	03/03/2021 12:54:56
Observacións		Páxina	4/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==">https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==</a>		





Publicarase na Sede Electrónica da Universidade da Coruña unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas e abrirase un prazo 4 días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo, procederáse á resolución da solicitude da bolsa e á súa publicación no mesmo lugar en que se publicou a convocatoria.

Contra esta resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición perante o/a reitor/a no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da UDC.

**8º. Obrigas das persoas bolseiras**

1. Asinar a aceptación e as condicións da bolsa
2. Incorporarase ao seu centro de destino na data indicada na convocatoria ou na concesión, salvo autorización expresa de quen convoque para facelo noutro momento. A falta de incorporación, ou a insistencia ulterior inustificada, interpretarase como renuncia á bolsa
3. Realizar con aproveitamento todas as actividades que se lle encomenden, de acordo co obxecto da convocatoria pública da bolsa e seguindo as instrucións da persoa responsable da súa titorización.
4. Informar e responder da súa actividade. Ao remate da bolsa deberá entregar unha memoria avalada pola persoa responsable da súa titorización, quedando condicionado o último pago da bolsa á entrega e aprobación da memoria.
5. Facer uso adecuado das instalacións e dependencias universitarias.
6. Cumprir os deberes que poidan vir establecidos na correspondente convocatoria pública da bolsa e no Regulamento de Bolsas de Colaboración para Formación na Universidade da Coruña para a concesión e goce da bolsa, tendo presente o réxime de compatibilidade cos seus estudos.
7. Non poderá ocupar postos nin do persoal de administración e servizos nin do persoal docente e investigador ou que supoñan a realización de labores propios deste persoal.
8. Non gozará de exención dos prezos públicos universitarios, salvo que a convocatoria que orixine o nomeamento, ademais de proceder dun organismo público, inclúa expresamente esta previsión e reciba conformidade previa do reitor.
9. Non poderá ocupar, nin sequera transitoriamente, cargo universitario ningún, agás que se trate de cargos para os que exista autorización expresa dos Estatutos da Universidade da Coruña, ben por se tratar de órganos abertos á provisión por calquera membro da comunidade universitaria, ou ben por ser cargos derivados da condición de representantes do estudantado.
10. Non realizará actividades que non estean relacionadas especificamente co obxecto da bolsa.
11. Manter a confidencialidade respecto aos asuntos que coñeza no desenvolvemento da bolsa de colaboración, e non dar publicidade, difundir, conservar, copiar, subtraer ou utilizar en xeral ningún documento ou información de calquera tipo que pertenza á Universidade da Coruña.

Todas as baixas que se produciren, antes do 30 de outubro de 2021 serán substituídas pola seguinte persoa da relación que elaborará a Comisión de Selección.

Código Seguro De Verificación	w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María José Lombardía Cortiña	Asinado	03/03/2021 12:54:56
Observacións		Páxina	5/8
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==">https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==</a>		





A presente convocatoria debe ser integrada e interpretada ao abeiro do Regulamento de Bolsas de Colaboración para Formación na Universidade da Coruña Regulamento de bolsas (de colaboración )da Universidade da Coruña, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 31 de maio de 2016

**9º. Prazo e lugar de presentación das solicitudes**

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Rúa Maestranza, 9 - 15001 – A Coruña), no Rexistro Auxiliar da Coruña ou no Rexistro da Vicerreitoría do Campus de Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo 15403- Ferrol), ou ben telemáticamente a través da Sede Electrónica da Universidade da Coruña, nun prazo de seis días hábiles dende a súa publicación.

A Coruña, 2 de marzo de 2021

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade

María José Lombardía Cortiña

<b>Código Seguro De Verificación</b>	w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	María José Lombardía Cortiña	Asinado	03/03/2021 12:54:56
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	6/8
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==">https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==</a>		





**SOLICITUDE DE BOLSA DE COLABORACIÓN PARA A EXPOSICIÓN DA  
CONSTRUCCIÓN NAVAL DE FERROL**

**PERÍODO ABRIL- DECEMBRO 2021**

APELIDOS E NOME: \_\_\_\_\_

ENDEREZO DURANTE O CURSO: \_\_\_\_\_

POBOACIÓN: \_\_\_\_\_ CÓDIGO POSTAL: \_\_\_\_\_

TELÉFONO DE CONTACTO: \_\_\_\_\_

ESTUDANTE DA ESCOLA/FACULTADE: \_\_\_\_\_

TITULACIÓN: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ DE \_\_\_\_\_ DE 2021

ASDO.: \_\_\_\_\_

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- COPIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO
- CURRICULUM VITAE (documentación na que conste experiencia e coñecementos acreditados de informática e galego)
- DECLARACIÓN XURADA
- FOTOCOPIA DNI
- CERTIFICADO DE IMPUTACIÓNS DO IRPF

**SR. DECANO DA FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN DE FERROL**

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==	Asinado	03/03/2021 12:54:56
Asinado Por	Páxina	7/8
Observacións		
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==">https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==</a>	





Don/Dona \_\_\_\_\_

co DNI \_\_\_\_\_

**Declaro baixo xuramento que non percibo ningunha axuda económica incompatible nin realizo ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.**

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo.:

<b>Código Seguro De Verificación</b>	w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	María José Lombardía Cortiña	Asinado	03/03/2021 12:54:56
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	8/8
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==">https://sede.udc.gal/services/validation/w4Dy874tEoB7VDOYUENVvg==</a>		

